



CAMPIONATO DE GALICIA DE SLALOM 2020

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tfno: 988 272 644 - Fax: 988 271 461
C/ta. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
33001 OURENSE



REGULAMENTO PARTICULAR

**PROBA: I SLALOM CONCELLO DE
GUITIRIZ**

PROVINCIA: LUGO

DATA: 12/09/2020



ORGANIZACIÓN:

A Escudería Scratch Fene, organiza o I Slalom Concello de Guitiriz o día 12 de Setembro de 2020, unha proba de carácter nacional, puntuable para o Campionato de Galicia de Slalom.

Esta proba de Slalom disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2020, o regulamento xeral do Campionato de Slalom, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 23 de Xullo de 2020. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA-012-SL**.

VEHÍCULOS ADMITIDOS: Admitiranse os vehículos de:

AGRUPACIÓN I: ata 1.150 c.c. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN II: Desde 1.151 a 1.600 (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN III: A partir 1.601 c.c. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN IV: Tódalas cilindradas (Tracción traseira).

AGRUPACIÓN V: Tódalas cilindradas (Tracción total).

AGRUPACIÓN VI: Vehículos do Grupo P.

Poderán participar toda clase de vehículos de turismo, con carrocería cerrada ou teito duro, dun mínimo de dúas prazas e que estean homologados, que proveñan de series de fabricación e en posesión da I.T.V. e seguro obrigatorio (SOA).

Autorízase o uso de pneumáticos de competición (slicks ou similares), e prohíbese a utilización dos denominados de: tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.

SEGUROS: Os organizadores contratarán unha póliza de seguros nas condicións marcadas pola F.G.de A. que garanta unha cobertura mínima segundo a regulamentación vixente (Lei circulación).

CONCURSANTES ADMITIDOS: Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2020 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.



INSCRICIÓN: As solicitudes de inscrición admitiranse ata o mércores 25 de marzo de 2020 as 20:00 horas, e a organización remitirá copia á Federación Galega de Automobilismo, por correo ou fax, antes da celebración da mesma.

Dereitos de inscrición: 90 €. Aceptando a Publicidade facultativa.

180 €. Non Acepta a Publicidade facultativa.

As solicitudes de inscrición deberanse remitir vía e-mail a:

Entidade: Escudería Scratch Fene

e-mail: edvilo@hotmail.com

Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos en:

Entidade **ABANCA** número de conta **ES24 2080 5213 4030 4000 3955**

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

CIRCUÍTO: O circuío de asfalto plan redial nacional, estará emprazado nas inmediacións do Campo da Feira, no Concello de Guitiriz.

DESEÑO DA PROBA:

DATA	HORA	ACTO	LUGAR
23/07/2020	10:00	Apertura inscricións	Escudería Scratch Fene
09/09/2020	20:00	Peche Inscricións	
10/09/2020	12:00	Publicación lista de inscritos	RRSS Scratch Fene
12/09/2020	08:30 a 10:15	Verificacións Administrativas	Oficina de carreira
	08:30 a 10:15	Verificacións Técnicas	Campo da Feira
	10:30	Hora límite de presentación dos vehículos no parque de custodia	Campo da Feira
	10:45	Publicación lista de autorizados a tomar a Saída	Taboleiro de Anuncios
	10:50	Briefing aos Pilotos	Campo da Feira
	11:00	Saída 1º Participante 1ª Manga Adestramentos	
	A continuación	Saída 1º Participante 2ª Manga Adestramentos	
	15:45	Saída 1º participante 1ª manga oficial	
	A continuación	Saída 1º participante 2ª manga oficial	Taboleiro de Anuncios
	20:00	Publicación de Resultados	
	20:30	Rolda de prensa dos 3 Primeiros Clasificados	
	20:45	Entrega de premios	Campo da Feira

Nota: Levantamento vehículos parque de custodia: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deviñer en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques de custodia,** sen ter que esperar ás entregas de premios.



OFICIAIS DA PROBA:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Manuel Vigo López CD-0882-GA

Comisarios Deportivos:

Presidente D. Manuel Vigo López CD-0882-GA
D. Jorge Area Tojeiro DC-0940-GA
D. Jose Manuel Suárez Couce CD-0924-GA

Observador da F.G.de A.:

D. Alfonso García Eiriz OBS^a-0433-GA

Director da Carreira:

D. Édgar Vigo López DC-0883-GA

Comisario Técnico

D. Diana M^a Carballeira Rei JOC1^a-0129-GA

Xefe de Seguridade Vial:

D. Borja Ardá Fachal CD-0884-GA

Responsable Equipos de Cronometraxe:

D. Manuel Fernández Barro JOB-0925-GA

Centros asistenciais: Centro de saúde de Guitiriz

HULA Hopital Universitario Lucus Augusti

Servizo de Guindastres: OPEL Talleres Pereira

Servicios Médicos:

Médico: Ariel Cano Yordi, Colegiado N^o: 152874464

D.U.E.: Arnaldo L. Castillo Ferrer, Colegiado N^o: 1171

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, antes da celebración da proba. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD1^a, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

Don Manuel Vigo López, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número CD-0882-GA, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo: Director da Proba

Entidade: Escudería Scratch Fene

N.I.F.:32691265P

C.I.F.:G15984321

licenza DC-0883-GA

Asdo.: Presidente D. Manuel Vigo López

licenza CD-0882-GA



Asdo.: Xefe de Seguridade Vial

N.I.F.: 32708261F

licenza CD-0884-GA



PREMIOS: A entrega de premios, será obrigatorio estar presente para ter dereito o premio.

Posición	Premio + Trofeo
1º Xeral	320,00 € + Trofeo
2º Xeral	220,00 € + Trofeo
3º Xeral	120,00 € + Trofeo
4º Xeral	100,00 € + Trofeo
5º Xeral	90,00 € + Trofeo
6º Xeral	80,00 € + Trofeo
Total	930,00 €

Entregaranse trofeos os 6 primeiros da Xeral Scratch e aos 3 primeiros de cada agrupación, así coma unha **TORTA de MILLO** de **Panificadora LA ESQUINA**.

CLASIFICACIÓN: Celebraranse 4 mangas cronometradas, dúas de adestramentos e dúas oficiais. A participación nunha manga de adestramentos será **OBRIGATORIA** sen penalizacións.

As **DÚAS** mangas oficiais serán **OBRIGATORIAS** e para establecer a clasificación final, só se tomará o tempo acadado na mellor das dúas mangas disputadas polo participante, e sempre con penalizacións incluídas

A non participación dun piloto nunha das mangas oficiais será motivo de expulsión da clasificación final da proba.

A cronometraxe efectuarase a milésima de segundo con células fotoeléctricas.

Para obter o tempo oficial dun participante realizarase a resta entre a hora real de chegada e a hora real de saída. O piloto terá un prazo de 10 segundos para tomar a saída dende o momento no que o cronometrador o autorice a facelo.

Na chegada, as células fotoeléctricas teranse que poñer na entrada ao “garaxe”, no que o participante deberá deter por completo o vehículo sen tirar ningún pirulo ou cono. Unha vez acadado o tempo resultante do cronómetro aplicaranse as penalizacións. No caso de empate, decidirase en favor do vehículo de menor cilindrada.



PENALIZACIONES: Segundo describe o C.D.I., durante a proba, haberá Comisarios Deportivos debidamente licenzados, nomeados como xuíces de feitos para aplicar as faltas como segue:

FALTA	PENALIZACIÓN
Tirar un cono das lindes do garaxe	5 Segundos
Sobrepassar a raia final do garaxe ou non entrar nel	5 Segundos
Non face-lo stop, ou sexa, non parar totalmente dentro do garaxe	5 Segundos
Por saída falsa, penalizarase por cada segundo de adelanto	10 Segundos
Por desprazar ou tocar un cono ou pau da porta	10 Segundos
Por non pasar unha porta, ou pasar un cono polo lado contrario, ou non efectuar unha volta completa (por cada falta). A acumulación de dúas destas faltas, na mesma manga, suporá a exclusión da mesma, pero validando a participación sen tempo	20 Segundos
Por non efectuar o percorrido marcado	60 Segundos
Por recortar os números ou varia-lo lugar destinado	60 Segundos
Por desacato ou menosprezo a un comisario	EXCLUSION
Por recibir axuda do exterior	EXCLUSION
Por condución agresiva ou perigosa	EXCLUSION
Non cumprimento das normas de parque de custodia ou de traballo	EXCLUSION

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS


REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
UNICA	12 de Setembro de 2020	8:30	SALA DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS,

ADVERTENCIA: O croques terá que ser o mesmo ó que se leve a bo termo o día da proba, baixo a exclusiva responsabilidade do Director da proba e do Presidente da Entidade Organizadora, así como do Xefe de Seguridade Vial.

NOTA: Ante a proliferación do incumprimento da normativa, **en materia de non axustarse o percorrido tipo de Slalom**, e de facer unha mini proba de velocidade con portas, a Comisión de Slalom acorda: O Observador, inspeccionará o trazado antes da celebración da proba, e terá plenos poderes para evacuar un informe vinculante que poderá iniciar expediente de anulación da proba do Campionato de Galicia de Slalom 2020; con posterior traslado da denuncia ó T.G.A. da Federación Galega de Automobilismo. Informase que o citado informe do Observador pode conlevar que a proba non puntúe nin bloque resultados, quedando anulada do Campionato de Galicia de Slalom 2020, a tódolos efectos; con posibilidade de esixir danos colaterais dos pilotos ós organizadores.



TRAZADO DO CIRCUITO CON DISTANCIAS



ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIONES E RUTAS:

1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2020 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa "Licenza Autonómica Única", expedidas polas Federacions Autonómicas de Automobilismo, nas condicións e cos requisitos establecidos no artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.

2.- A vista de que varias federacións non esixen para a obtención de licenza de piloto ser titular dun permiso de condución como modo de verificar que o conductor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, a Federación Galega de Automobilismo non permite a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de condución, expedido pola D.G.T. ou organismo equivalente doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos pechados (circuíto de velocidade, circuíto de autocross, ou circuíto de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delegada aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2020, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia:

A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba.

C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

5.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2020, inclusive, serán considerados "OPEN", agás a PXP 19 Junior.

6.-ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA. Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

1-Ratifícase o acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacions Autonómicas de Automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañan do 12 de Outubro de 2015.

2-Ratifícase o acordo de Asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., o día 12/10/15, sobre o prezo unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da "Licenza Autonómica Única" polas 17 Federacions Autonómicas. So se admitirán licencias autonómicas únicas expedidas de conformidade co establecido no artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.

3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2020, sexan considerados "Open".Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licenza federativa expedida por calquera Federación Autonómica que incumprira o acordo adoptado do prezo unitario das licenzas, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro de 2015 no C.S.D.

4-O prezo de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2020, dos titulares de licenzas expedidas polas Federacions Autonómicas que non cumpran o acordo de unificación do prezo de licenzas establécese en 190 euros a abonar a F.G. de A. antes da proba.

5-Asimesmo, e como se puso de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", non serán expedidas nen admitidas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", os permisos de participación (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), posto que son permisos que otorgan dereitos restrinxidos ou limitados a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", e por tanto incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia que establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licenzas, no seu apartado terceiro, que no caso das licenzas federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación Deportiva Galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación Deportiva correspondente, con dereito a voto, e ser elexible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo". As licenzas que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo".